

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 07/01/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

SONIA OUTÓN CASAL

CARLOS COIRA LOJO

DIEGO GARCIA SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

Lista de non asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

SECRETARIA ACCTAL

MARIA DEL ROSARIO GONZALEZ PACIOS

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍNA COUSO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:40 horas do día 07/01/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 30 de decembro de 2024, que se aprobou por unanimidade.

RÉXIME INTERIOR

PRP2024/4814

O Concello de Vilagarcía adxudicou en maio de 2017 a instalación dun sistema de gravación e postminutaxe das sesións do pleno da corporación mediante unha aplicación informática denominada VIDEOACTA.

O soporte e mantemento ofrecidos polo licitador como garantía (soporte, mantemento e hosting) terminaron en setembro de 2019, a partir desa data o Concello adxudicou un contrato de mantemento e soporte por anos naturais.

A empresa AMBISER INNOVACIONES S.L. presenta un presuposto de mantemento, soporte e hosting para a aplicación informática VideoActa para o ano 2025, por un prezo de 6.152,29 € IVE incluído.

O concello é propietario das licenzas do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento e soporte só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera modificación nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa AMBISER INNOVACIONES S.L.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa AMBISER INNOVACIONES S.L. un servizo de soporte, mantemento e hosting da aplicación informática de videoactas para o ano 2025 por un importe de 6.152,29 € IVE incluído, con cargo á partida 920.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4815

No concello está en funcionamento unha máquina pregadoras/seladoras AS-200 na policía local

que posúe un servizo de mantemento coa empresa ÁNGEL CARRETERO FERNÁNDEZ. O período de mantemento actual é do 13/5/2024 ao 12/5/2025.

No concello está en funcionamento unha máquina pregadoras/seladoras AS-350 no departamento de recadación municipal, posúe un servizo de mantemento coa empresa ÁNGEL CARRETERO FERNÁNDEZ. O período de mantemento actual é do 13/5/2024 ao 12/5/2025.

O Departamento de Informática ten solicitado presupostos do mantemento destas máquinas a outras empresas sen resultado. Polo Xefe do Departamento de Informática propúxose que o mantemento sexa adxudicado á ÁNGEL CARRETERO FERNÁNDEZ. por ser a empresa que ven realizando o soporte e mantemento de maneira moi eficiente e satisfactoria.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar, con cargo á partida 931.213:

- 1.- A D. ÁNGEL CARRETERO FERNÁNDEZ, con NIF 04179724-A un servizo de soporte e mantemento da máquina Pregadora/seladora AS-200 situada na policía local para o ano 2025 por un importe de 533,61 € IVE incluído. O período de mantemento é do 13/5/2025 ao 12/5/2026.
- 2.- A D. ÁNGEL CARRETERO FERNÁNDEZ, con NIF 04179724-A un servizo de soporte e mantemento da máquina Pregadora/seladora AS-350 situada no servizo de Recadación para o ano 2025 por un importe de 666,71 € IVE incluído. O período de mantemento é do 13/5/2025 ao 12/5/2026.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4819

No Concello están en funcionamento tres licencias da aplicación informática AutoCAD LT utilizadas no departamento de urbanismo.

AutoCAD LT é un software de deseño asistido por ordenador (CAD) que se utiliza para debuxar, deseñar e modelar en 2D, está pensado para profesionais que non requiren as funcións avanzadas do software AutoCAD estándar.

Polo Departamento de Informática propónse a renovación dos servizos de subscrición e soporte das tres licenzas da aplicación informática AutoCAD LT 2025 coa empresa ARKANCE SPAIN, S.L., por ser unha empresa especializada en servizos técnicos (partner do fabricante AutoCad).

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa ARKANCE SPAIN, S.L., a renovación do servizo de subscrición e soporte anual de tres licenzas da aplicación informática AUTOCAD LT 2025 para o ano 2025 por un importe de 1.760,55 € incluído o IVE, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4820

O concello de Vilagarcía de Arousa adxudicou en Xullo de 2013 á empresa AYTOS SOLUCIONES INFORMÁTICAS S.L.U. a adquisición e implantación dunha aplicación informática de xestión da contabilidade. A garantía da aplicación rematou o 1 de agosto de 2016.

O concello é propietario dunha licenza do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera cambio nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa Aytos Soluciones Informáticas S.L.U.

Por outra parte o Concello de Vilagarcía de Arousa ten en funcionamento unha aplicación

informática de xestión e tratamento de facturas electrónicas denominada AYTOSFACTUR@ da empresa Aytos Soluciones Informáticas S.L.U.

Esta aplicación está integrada na aplicación de contabilidade e ten como finalidade a conexión a FACe (punto xeral de entrada de facturas electrónicas da administración xeral do estado) para a incorporación e tratamento na contabilidade das facturas electrónicas.

O concello é propietario dunha licenza do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera cambio nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa Aytos Soluciones Informáticas S.L.U.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa Aytos Soluciones Informáticas S.L.U un servizo de soporte, mantemento das aplicacións informáticas de Contabilidade (SICALWIN) e de facturas electrónicas (AYTOSFACTUR@) para o ano 2025 por un importe de 19.723,00 € IVE incluído, con cargo á partida 931.22706, coa seguinte desagregación:

- Sicalwin (01/01/2025 a 31/12/2025), por un importe de 14.883,00 € (IVE incluído).
- AytosFactura (01/01/2025 a 31/12/2025): 4.840,00 € (IVE incluído).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4821

No concello está en funcionamento unha aplicación informática de sistemas (Veritas Backup Exec), cuxa finalidade é facer copias de seguridade de BBDD, ficheiros etc. O sistema está formado por unha licenza backup exec server (nº referencia 3590410, cod 13811-M3-23) e tres licenzas backup exec Agent (nº referencia 3590409, cod 13813-M3-23).

A realización de copias de seguridade é moi importante e crítico no sistema informático. O sistema de backup do concello é dobre por unha banda faise copia de máquinas virtuais y por outra de BBDD e ficheiros en distintos soportes.

O mantemento consiste na actualización do software, soporte e resolución de incidencias.

Polo Departamento de Informática propónse que o mantemento sexa adxudicado á empresa BALIDEA CONSULTING AND PROGRAMMING S.L. por ser unha empresa que realiza outros servizos similares de soporte e mantemento de maneira moi eficiente e satisfactoria.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa BALIDEA CONSULTING AND PROGRAMMING S.L. dun servizo de subscrición de catro licenzas do software Veritas Backup Exec (unha licenza backup exec server cod 13811-M3-23 e tres licenzas backup exec Agent cod 13813-M3-23) para o ano 2025 por un importe de 740,52 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706. Período de vixencia das licenzas de 24-4-2025 a 24-4-2026. A facturación deberá levarase a cabo a partir do 24-4-2025.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4822

O Concello é propietario dunha licenza da aplicación OPEN BIN da empresa CYPE INGENIEROS S.A. destinada á xeración de memorias dos proxectos da Oficina Técnica Municipal. Esta aplicación foi adxudicada en X.G.L. en xaneiro de 2025 está sendo utilizada polo departamento de Urbanismo.

A aplicación OPEN BIN, está formada polos seguintes módulos:

- OPEN BIM Memorias CTE
- OPEN BIM Estudio básico de seguridade e saúde.

O concello é propietario dunha licenza de uso, polo tanto nos ordenadores só está instalado o código executable (código máquina), o mantemento e soporte da aplicación só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera cambio nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa CYPE INGENIEROS S.A.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa CYPE INGENIEROS S.A. a renovación do contrato de licenza 191410 e do servizo de soporte e mantemento da aplicación OPEN BIM (Módulos: OPEN BIM Memorias CTE e OPEN BIM Estudio básico de seguridade e saúde) para o ano 2025 por un importe de 251,68 € IVE incluído, con cargo á partida 150.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4823

No conservatorio profesional de música, está actualmente en funcionamento unha aplicación informática da empresa Desarrollos Informáticos de Aplicaciones Logicales, S.L correspondente ó programa de xestión académica CODEX.

O programa foi adquirido polo concello en agosto de 2006, desde entón esta instalado e en funcionamento.

A aplicación informática está formada polos seguintes módulos e servizos:

- 1.- Aplicación Informática CODEX de xestión de secretaría e alumnado do conservatorio.
- 2.- CENTROSNET, aplicación web para a realización de determinados trámites por parte do profesorado e do alumnado integrada coa aplicación CODEX instalada no conservatorio e na que se poderán realizar tarefas de carga e descarga de información da web. Está incluído o aloxamento.
- 3.- APP CENTROSNET, aplicación móbil de CENTROSNET
- 4.- SEGURNET, servizo de copias de seguridade da aplicación CODEX nos servidores da empresa.

O concello é propietario dunha licenza de uso, polo tanto nos ordenadores só está instalado o código executable (código máquina), o mantemento e soporte da aplicación só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera cambio nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa Desarrollos Informáticos de Aplicaciones Logicales, S.L.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa Desarrollos Informáticos de Aplicaciones Logicales, S.L un servizo de soporte e mantemento das aplicacións informáticas de xestión académica CODEX, CENTROSNET, APP CENTROSNET e o servizo SEGURNET para o ano 2025 por un importe de 1.857,96 €, IVE incluído, con cargo á partida 3261.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4824

No Concello está en funcionamento o software ecoSignature utilizado para dar validez xurídica (categoría de sinatura electrónica avanzada) ás sinaturas biométricas recollidas mediante tablets WACON e utilizadas na aplicación de Xestión Tributaria SIT da empresa GTT.

Este sistema utilízase coa finalidade de suprimir a utilización do papel e facilitar e axilizar os trámites que realicen os contribuíntes de maneira presencial.

A aplicación informática de xestión tributaria SIT da empresa GTT, utilizada polo Concello, realiza a validez xurídica das sinaturas biométricas unicamente mediante o software ecoSignature da empresa EDATALIA, polo tanto estamos obrigados a manter as licenzas do software ecoSignature. O concello é propietario dunha licenza de uso, polo tanto nos ordenadores só está instalado o código executable (código máquina), o mantemento e soporte da aplicación só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera cambio nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa EDATALIA DATA SOLUTIONS S.L.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa EDATALIA DATA SOLUTIONS S.L. un servizo de subscripción dunha licenza de dez postos de sinatura do software ecoSignature para o ano 2025 por un importe de 1.087,79 € IVE incluído, con cargo á partida 931.22706. Período de vixencia das licenzas de 9-3-2025 a 8-3-2026.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4825

O Concello de Vilagarcía adxudicou na X.G.L. do 20/06/2022 a compra dunha licenza de uso indefinida da plataforma informática de xestión de inventario e os servizos de instalación, migración e posta en marcha á empresa ENTERSOLO SL por un prezo de 14.762,00 € IVE incluído. Estaban incluídos os servizos de explotación en modo “Cloud”, soporte de usuarios e mantemento da aplicación durante un ano.

O soporte e mantemento ofrecidos polo licitador como garantía terminaron o 27 de xullo de 2023, a partir desa data o Concello debe adxudicar un servizo de mantemento, soporte e hosting (explotación en modo “cloud”) da aplicación informática.

A empresa ENTERSOLO SL presenta un presuposto de mantemento e soporte da aplicación informática de inventario municipal e un servizo de hosting para o ano 2025, por un prezo de de 2.117,5 € IVE incluído.

O concello é propietario dunha licenza de uso, polo tanto nos ordenadores só está instalado o código executable (código máquina), o mantemento e soporte da aplicación só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera cambio nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa ENTERSOLO S.L.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa ENTERSOLO SL un servizo de soporte, mantemento e hosting (explotación en modo “cloud”) da aplicación informática do Inventario Municipal para o ano 2025 por un importe de 2.117,5 € IVE incluído, con cargo á partida 920.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4827

No Concello están en funcionamento tres licencias da aplicación informática MENFIS V.10 (Programa Informático de Calculo de Presupostos e Medicións) utilizadas no departamento de

urbanismo.

O Xefe do Servizo de Informática propón a renovación dos servizos de subscrición e soporte das tres licenzas da aplicación informática MENFIS V.10 coa empresa Épica Soluciones Informáticas, S.L.L., por ser partner do fabricante MENFIS e realizar o servizo de soporte e mantemento dunha maneira moi satisfactoria.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa Épica Soluciones Informáticas, S.L.L. a renovación do servizo de subscrición e soporte anual de tres licenzas da aplicación informática MENFIS V.10 (Programa Informático de Calculo de Presupostos e Medicións) para o ano 2025 por un importe de 1.270,50 € incluído o IVE, con cargo á partida 150.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4831

O Concello está subscrito a unha plataforma específica de facenda on-line denominada “FACENDA LOCAL” da empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A., utilizada polos departamentos de intervención e xestión tributaria e recadación, composta polos seguintes servizos:

- Actualidade: Noticias especializadas, artigos, monográficos, emprego público, subvencións, etc.
- Expedientes: Repositorio de expedientes e modelos especializados.
- Consultas: Consultas resoltas. Servizo de solicitude de consultas resoltas por especialistas na materia. Intervención e Xestión Tributaria y Recadación.
- Bases de Datos: Lexislación, xurisprudencia e órganos consultivos.
- Os Meus Estudos: Toda a información económica do municipio dos tres últimos anos. Informes comparativos cos municipios da provincia.
- Solicitude de Expedientes e Consultas especializadas.
- Áreas temáticas: Todos os recursos necesarios para abordar un tema, unha actividade ou problemática concreta.
- Formación: Cursos de formación especializada dentro da área de Facenda Local. Acceso á plataforma de formación On Line.
- Usuarios ilimitados.

O departamentos municipais antes mencionados solicitan que se manteña esta plataforma de consulta e formación.

O concello é propietario dunha licenza de uso, polo tanto nos ordenadores só está instalado o código executable (código máquina), o mantemento e soporte da aplicación só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera cambio nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A. un servizo de soporte e subscrición á Plataforma de Facenda Local vía web para o ano 2025 por un prezo de 11.706,96 € IVE incluído, con cargo á partida 930.22706. A facturación deberá ser trimestral.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4832

No departamento da policía local, está actualmente en funcionamento as seguintes aplicacións informáticas e servizos da empresa EUROCOP SECURITY SYSTEMS S.L.:

- EuroCop-CUBE, aplicación informática de xestión da policía, a forma de explotación é en modo Cloud Computing.
- Servizos de aloxamento CLOUD da aplicación EuroCop-CUBE.
- Euro-OTD, aplicación informática de xestión das denuncias (multas), a forma de explotación é “on premise” (nos servidores do concello).

A empresa EUROCOP SECURITY SYSTEMS S.L presenta un presuposto do servizo de aloxamento (hosting) para a aplicación EuroCop-CUBE e dos servizos de mantemento e soporte das aplicacións informáticas EuroCop-CUBE, Euro-OTD e para o ano 2025, por un prezo de 11.344,96 € IVE incluído.

O concello é propietario das licenzas do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento e soporte só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera modificación nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa EUROCOP SECURITY SYSTEMS S.L

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa EUROCOP SECURITY SYSTEMS S.L. un servizo de soporte e mantemento das aplicacións informáticas da policía local EuroCop CUBE e Euro-OTD e un servizo hosting (explotación en modo “cloud”) da aplicación EuroCop CUBE, ambos servizos para o ano 2025, por un prezo de 11.344,96 € IVE incluído, con cargo á partida 132.22706. A forma de pago será trimestral.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4912

O concello adquiriu no ano 2021, á empresa Imatia Innovation S.L., unha aplicación informática denominada Plataforma Integrada de Servizos Sociais (XIESS), destinada a realizar unha xestión integrada do departamento de servizos sociais.

Esta plataforma está integrada coa aplicación CIVIDAS e leva acabo as obrigas de intercambio de información coas aplicacións SIUSS, HSUE, PI etc.

O concello é propietario das licenzas do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento e soporte só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera modificación nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa IMATIA INNOVATION S.L.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa IMATIA INNOVATION S.L. un servizo de soporte e mantemento da Plataforma Integrada de Servizos Sociais (XIESS), utilizada para a xestión do departamento de Servizos Sociais para o ano 2025 por un importe de prezo de 4.840 € IVE incluído, con cargo á partida 231.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4914

No concello están actualmente en funcionamento unha plataforma informática denominada CÍVIDAS e-GOV de Administración Electrónica da empresa Imatia Innovation S.L. que xestiona as seguintes áreas: sede electrónica, rexistro de entrada e saída, xestión de expedientes (contratación, urbanismo, actividades, cemiterios etc.), notificacións telemáticas etc. Asemade están en funcionamento outras dúas aplicacións informáticas unha de xestión de órganos colexiados e outra de xestión do inventario.

A empresa oferta os seguintes servizos:

- Renovación de garantía e servizos de actualizacións e mantemento da aplicación plataforma informática denominada CÍVIDAS e-GOV de Administración Electrónica.
- Renovación de garantía e servizos de actualización e mantemento da aplicación Órganos colexiados.
- Soporte aos usuarios (80 horas/ano).

O concello é propietario das licenzas do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento e soporte só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera modificación nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa IMATIA INNOVATION S.L.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa IMATIA INNOVATION S.L. un servizo de soporte e mantemento da plataforma CÍVIDAS e-GOV de Administración Electrónica e da aplicación informática de órganos colexiados para o ano 2025 por un importe de prezo de 18.150 € IVE incluído, con cargo á partida 920.22706. A facturación deberá ser trimestral. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4932

O Concello de Vilagarcía adxudicou en X.G.L. do 01/07/2019 mediante o proceso de licitación "Adquisición dun sistema de Xestión Tributaria e Plataforma Editran", a compra dunha licenza da aplicación informática de xestión tributaria, recadación e inspección de ingresos (SIT) e da subsede electrónica tributaria (ovt.vilagarcia.gal) á empresa Gestión Tributaria Territorial, S.A.

Segundo se indica no prego de características técnicas, os servizos de soporte e mantemento serían por parte do adxudicatario durante o primeiro ano, ademais a empresa ofertou una ampliación deste servizo de nove meses a maiores dos doce esixidos no prego. Tendo en conta que a posta en marcha da aplicación foi o 1 de abril de 2020, o servizo de soporte e mantemento por parte do adxudicatario rematou o 31 de decembro de 2021. A partir deste momento o Concello ven contratando un servizo de soporte e mantemento da aplicación informática de xestión tributaria e recadación SIT coa empresa Gestión tributaria Territorial.

Segundo consta na oferta presentada pola empresa adxudicataria no proceso de licitación, unha vez rematado o prazo de garantía e mantemento o prezo deste servizo para a aplicación informática de xestión tributaria, recadación e inspección de ingresos (SIT) e da subsede electrónica tributaria (ovt.vilagarcia.gal) sería de 46.000 € + IVA. En anos sucesivos aplicarase o IPC correspondente.

Para o ano 2025 a empresa aplica un incremento dun 5%, polo que presenta unha oferta de 65.764,10 € IVE incluído.

O concello é propietario dunha licenza do código executable, este código non pode ser modificado

por tratarse de código máquina, polo que o mantemento só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera cambio nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A. .

Debido a contía deste contrato, o Concello realizará unha licitación plurianual para este servizo a partir do ano 2025.

Á vista do anterior e, tendo en conta que o mantemento só pode executarse pola Empresa que desenvolveu o código fonte por razóns de exclusividade (non sendo posible promover a concorrência dos licitadores) e o prexuízo que causaría aos intereses municipais non contar con dito servizo de soporte e mantemento, xa que a xestión tributaria do Concello resultaría gravemente afectada, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A. un servizo de soporte e mantemento da aplicación informática de xestión tributaria, recadación e inspección de ingresos (SIT) e da subsede electrónica tributaria (ovt.vilagarcia.gal) para o ano 2025 por un importe de 65.764,10 € IVE incluído, con cargo á partida 931.22706. A facturación deberá ser trimestral.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4933

O Concello de Vilagarcía adxudicou en X.G.L. do 01/07/2019 mediante o proceso de licitación "Adquisición dun sistema de Xestión Tributaria en Plataforma Editran", a compra dunha licenza da aplicación informática de xestión tributaria, recadación e inspección de ingresos (SIT) á empresa Gestión Tributaria Territorial, S.A.

Segundo se indica no prego de características técnicas, a explotación da aplicación será en modo "cloud" no CPD ofertado polo adxudicatario por un período mínimo de nove meses, unha vez transcorrido este prazo deberase contratar o servizo de explotación en modo "cloud".

A explotación en modo "cloud" inclúe os seguintes servizos: Aloxamento e administración dos servidores, sistema de backup (CPD de respaldo), sistema de copias de seguridades, Administración das BBDD, administración da explotación, sistema de comunicacións, liñas de comunicación directas e redundantes co Concello, sistema EDITRAN, punto de presenza na rede SARA, integración con terceiras administracións e empresas, aloxamento web da sub-sede tributaria etc.

O concello é propietario dunha licenza do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera cambio nas aplicacións.

O prezo ofertado polo licitador para renovar o servizo de explotación en modo "cloud" para o ano 2025 é de 62.905,21 € anuais IVE incluído. Este servizo ten que ser prestado polo licitador porque así ven indicado no prego da licitación, una terceira empresa non podería prestar este servizo polas integracións do código fonte da aplicación con outras administración, sistema EDITRAN etc. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A. .

Debido a contía deste contrato, o Concello realizará unha licitación plurianual para este servizo a partir do ano 2025.

Á vista do anterior, e tendo en conta que o servizo de explotación en modo "cloud" só pode ser prestado pola empresa propietaria dos códigos fontes, non sendo posible promover a concorrência

de licitadores, así como o prexuízo que causaría aos intereses municipais non dispoñer de dito servizo, xa que a xestión tributaria do Concello resultaría gravemente afectada, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL S.A. un servizo de explotación en modo “cloud” da aplicación informática de xestión tributaria, recadación e inspección de ingresos (SIT) e da subsele electrónica tributaria (ovt.vilagarcia.gal) para o ano 2025 por un importe de 62.905,21 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706. A facturación deberá ser trimestral.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4934

No concello está actualmente en funcionamento unha aplicación informática (WINTASK Padrón) da empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A, que xestiona o Padrón Municipal de Habitantes.

O mantemento inclúe as actualizacións, cambios legislativos, soporte telefónico, arranxo de incidencias etc.

A aplicación informática do padrón municipal de habitantes WINTASK Padrón era propiedade da empresa Wurth S.L. A empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A, comunicou, mediante rexistro telemático N° WEB2024005933 de data 26/08/2024, que a partir do 15 de xullo de 2024 produciuse a fusión por absorción da empresa WURTH S.L. na empresa ESPUBLICO.

O concello é propietario dunha licenza de uso, polo tanto nos ordenadores só está instalado o código executable (código máquina), o mantemento e soporte da aplicación só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera cambio nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa ESPUBLICO SERVICIOS PARA LA ADMINISTRACIÓN S.A. un servizo de soporte e mantemento da aplicación informática do padrón municipal de habitantes WINTASK Padrón para o ano 2025 por un importe de 2.070,15 € IVE incluído, con cargo á partida 920.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4935

O Concello de Vilagarcía adxudicou en X.G.L. do 01/07/2019 mediante o proceso de licitación "Adquisición dun sistema de Xestión Tributaria e Plataforma Editran", a compra dunha licenza da aplicación informática Editran á empresa Indra Soluciones Tecnológicas de la Información S.L.

Editran é un sistema de intercambio electrónico de datos coas entidades bancarias e outras administracións, necesario para o funcionamento da aplicación de xestión tributaria SIT utilizada polo Concello.

O prazo de garantía e mantemento rematou en decembro de 2021, o Concello contratou un servizo de mantemento a partir do ano 2022.

A plataforma Editran está instalada nos servidores do Concello, pero debido a que é necesaria para o funcionamento da aplicación de xestión tributaria municipal SIT explotada en modo “cloud”, o Concello acordou en X.G.L. de xuño de 2021 a cesión temporal do uso da licenza de Editran propiedade do Concello á empresa GESTION TRIBUTARIA TERRITORIAL SA. (GTT) durante o

tempo que o Concello estime oportuno.

O concello é propietario das licenzas do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento e soporte só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera modificación nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa INDRA SOLUCIONES TECNOLOGIAS DE LA INFORMACIÓN S.L.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa INDRA SOLUCIONES TECNOLOGIAS DE LA INFORMACIÓN S.L. un servizo de soporte e mantemento da aplicación informática Editran para o ano 2025 por un importe de 9.794,85 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4936

No Concello de Vilagarcía de Arousa, estan en funcionamento diversas centralitas telefónicas, sendo necesaria a renovación do servizo de soporte e mantemento para o ano 2025.

1.- CENTRALITA TELEFÓNICA DA CASA DO CONCELLO

Na Casa do Concello está en funcionamento unha centralita telefónica Unify (Siemens) OpenScape Business X8 adxudicada á empresa INSERPYME GLOBAL S.A. en 2020 e posta en funcionamento o 01/09/2020. A garantía da centralita finalizou o 31/08/2021. A centralita posúe un contrato de mantemento coa empresa INSERPYME GLOBAL S.A.

2.- CENTRALITA TELEFÓNICA DO AUDITORIO.

No edificio do Auditorio está en funcionamento unha centralita telefónica Siemens 3300, con n/s SK52041171086, que posúe un contrato de mantemento coa empresa INSERPYME GLOBAL S.A.

3.- CENTRALITA TELEFÓNICA DO SERVIDO DE DROGODEPENDENCIAS (SPAD).

No SPAD está en funcionamento unha centralita telefónica Siemens HiPath 3350, con n/s SK52041171086, que posúe un contrato de mantemento coa empresa INSERPYME GLOBAL S.A. Tendo en conta o anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa INSERPYME GLOBAL SA (A27742931) o servizo de soporte e mantemento para o ano 2025, por un importe total de 4.510,40 € (IVE incluído), con cargo á partida 2311.22200, coa seguinte desagregación:

1.- Un servizo de soporte e mantemento da centralita telefónica da casa consistorial (Unify (Siemens) OpenScape Business X8) para o ano 2025 por un importe de 3.817,65 € IVE incluído. A facturación deberá ser trimestral.

2.- Un servizo de soporte e mantemento da centralita telefónica do edificio do Auditorio (Hicom 3300) para o ano 2025 por un importe de 319,44 € IVE incluído. A facturación deberá ser trimestral.

3.- Un servizo de soporte e mantemento da centralita telefónica do SPAD (Hicom 3350) para o ano 2025 por un importe de 373,31 € IVE incluído. A facturación deberá ser trimestral.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4937

Mediante procedemento de licitación realizado en 2016 adxudicouse á empresa Periféricos y Memorias España S.L., a compra, instalación e configuración dun sistema de electrónica de rede formado por catro switches brocade ICX7450 cun mantemento de tres anos. O concello xa contaba nas súas instalacións con dous switches do mesmo modelo en funcionamento. Posteriormente realizouse a adquisición dun setimo switch ICX7450. Polo tanto, o sistema de electrónica de rede

actual está formado por sete switches brocade ICX7450.

A función do sistema de electrónica de rede é a interconexión de todos os equipos informáticos do concello, polo tanto é necesaria para o funcionamento de todo o sistema informático. O seu mantemento é necesario e crítico para o funcionamento das aplicacións informáticas e de todo o sistema.

Dende o Departamento de Informática considerase que a empresa que debe prestar o servizo de mantemento é IPM, partner de BROCADE, posúe a infraestrutura, recursos, recambios críticos, servizos etc, na comunidade autónoma, para prestar este mantemento en tempo e forma.

As características do mantemento están contidas no documento que se adxunta de referencia OP20.22968.2 Resumo: monitorización remota 24x7, asistencia remota, asistencia presencial, entrega de pezas de remprazo, novas versión de microcódigo de enxeñaría, acceso 24 x 7 ás ferramentas de soporte en liña.

O mantemento inclúe os seguintes switches:

BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3339M041

BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3339M05B

BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3346M003

BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3346M02G

BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3346M03K

BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ3346M04C

BROCADE ICX7450-48, con n/s: CYQ4326T06V

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa INTERNACIONAL PERIFERICOS Y MEMORIAS ESPAÑA SL, o servizo de soporte e mantemento da electrónica de rede do Concello formada por sete switches Brocade ICX7450-48 para o período de 20 de febreiro 2025 a 19 de febreiro de 2026 por un importe de 2.962,08 € incluído o IVE, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrase ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4938

Actualmente están en funcionamento no Concello ás seguintes subscricións de lexislación tanto vía web como en formato papel, coa empresa LA LEY SOLUCIONES LEGALES, S.A.:

1. BB.DD. A Lei Dixital 360, 4 usuarios concorrentes.
2. BB.DD. O Consultor dos Concellos Plus, 4 usuarios concorrentes.
3. BB.DD O Consultor Facendas Locais, 4 usuarios concorrentes.
4. BB.DD. O Consultor Licenzas Municipais, 4 usuarios concorrentes.
5. BB.DD. O Consultor Contratación Administrativa, 4 usuarios concorrentes.
6. BBDD Cissonline Atlas Laboral, 4 usuarios concorrentes .
7. BBDD A lei Dixital Doctrina Administrativa, 4 usuarios concorrentes.
8. BBDD O consultor “Al Día”, 4 usuarios concorrentes.

Plataforma SMARTECA, formada por:

9. Revista On-line Actualidade Administrativa, 15 licencias (usuarios concorrentes).
10. Revista On-line O Consultor dos Concellos, 15 licencias (usuarios concorrentes).
11. Revista On-line Contratación Práctica Administrativa, 15 licencias (usuarios concorrentes).
12. Revista On-line Práctica Urbanística, 15 licencias (usuarios concorrentes).

13. Libro dixital Todo Social ADENDA, 15 licencias (usuarios concurrentes).

Aplicacións informáticas vía web:

14. Libro dixital Todo Facendas Locais.
15. Aplicación informática vía web Complylaw (1 Licenza), para cumprir coas obrigacións do regulamento xeral de protección de datos (RGPD) en canto a documentación avaliación dos tratamentos, informes PIAS etc.

Subscricións en formato Papel:

16. A revista O Consultor dos Concellos en formato papel.
17. Todo social en formato papel.

Ademais, están en funcionamento os seguintes servizos:

- Unha web personalizada para a consulta de todos os produtos anteriores que se integrará no sistema informático municipal.
- Formación On-line gratuíta sen límite de cursos.
- Personalización das revistas On-line mediante o programa SMARTECA, 15 licencias (usuarios concurrentes).

Unha vez consultados os departamentos usuarios das subscricións anteriores (persoal, secretaria xeral, contratación, intervención etc.), manifestan o seu desexo e a necesidade de continuar co servizo das consultas de lexislación vía web anteriores.

LA LEY SOLUCIONES LEGALES, S.A. distribúe os produtos anteriores en catro apartados que darán lugar a catro facturas, os apartados son os seguintes:

A.- “WES111 Páxina web personalizada”. Esta formado por todas as subscrición agás as identificadas neste informe cos números 15, 16 e 17. A facturación será trimestral e o IVE do 21%.

B.- “ECA2 revista O Consultor dos Concellos en formato papel”. Corresponde á subscrición da revista O Consultor dos Concellos en formato papel, identificada neste informe co número 16 das subscricións contratadas . A facturación será trimestral e o IVE do 4%.

C.- “CLW12 Complylaw”. Corresponde a aplicación informática vía web Complylaw (1 Licenza), para cumprir coas obrigacións do regulamento xeral de protección de datos (RGPD). Está identificada neste informe co número 15 das subscricións contratadas. A facturación será trimestral e o IVE do 21%.

D .- “LAA16 Todo Social”. Corresponde coa revista Todo social en formato papel. Está identificada neste informe co número 17 das subscricións contratadas. A facturación será anual e o IVE do 4%.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa LA LEY SOLUCIONES LEGALES SA a renovación do servizo de subscrición e soporte das aplicacións informáticas de consulta de lexislación vía Web para o ano 2025, por un importe total de 10.476,06 € (IVE incluído), con cargo á partida 920.22706, coa seguinte desagregación:

1.- Un servizo de soporte e subscrición dos produtos de consulta ON-LINE agrupados como “WES111 Páxina web personalizada” para o período do 26/02/2025 ao 25/02/2026 por un importe de 8.426,44 € IVE incluído (21%).

2.- Unha subscrición en formato papel da revista “ECA2 revista O Consultor dos Concellos en formato papel” para o período do 26/03/2025 ao 25/02/2026 por un importe de 1.076,17 € IVE incluído (4%).

3.- Un servizo de soporte e subscrición da aplicación informática vía web “CLW12 Complylaw” (1 Licenza) para o período do 26/02/2025 ao 25/02/2026 por un importe de 1016,40 € IVE incluído (21%).

4.- Unha subscrición en formato papel da revista “LAA16 Todo Social” para o período do 30/03/2025 ao 29/03/2026 por un importe de 297,71 € IVE incluído (4%).

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4939

O Concello está subscrito á consulta vía web do pack “O DEREITO ADMINISTRACIÓN PÚBLICA MEMENTOS” coa empresa LEFEBVRE EL DERECHO, S.A. formado por:

- A base de datos do dereito.
- A base de datos “O dereito local”.
- Memento Administracións Locais.
- Memento Administrativo.
- Memento Contratación Pública Avogacía do Estado.
- Memento Empregado Público.
- Memento Expropiación Forzosa Patrimonio Público.
- Memento Facendas e Impostos Locais.
- Memento Urbanismo.

Número de usuarios concorrentes contratados: 3.

Esta subscrición é utilizada polo departamento de Tesourería que solicita que se manteña esta plataforma de consulta.

O presuposto da empresa LEFEBVRE EL DERECHO, S.A. para todos os servizos anteriores para o ano 2025 ascende a 4.120,63 € incluído o IVE.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa LEFEBVRE EL DERECHO, S.A. un servizo de soporte e subscrición vía web do pack “O DEREITO ADMINISTRACIÓN PÚBLICA MEMENTOS” para o ano 2025 por un importe de 4.120,63 € IVE incluído, con cargo á partida 931.22001. A facturación deberá ser trimestral.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4941

As máquinas de aire acondicionado da sala de ordenadores do departamento de Informática son imprescindibles para o funcionamento de tódolos servidores e ordenadores da sala.

O sistema de aire acondicionado está formado polas seguintes máquinas: AIR BLUE modelo OEDA HH 140 e KAYSUN KPC-140 HTN4 DE 14 KW, actualmente está en vigor un mantemento preventivo coa empresa MAGA coas seguintes características: unha serie de visitas ó ano, segundo a táboa da oferta, onde se levan a cabo revisións, comprobacións, verificacións etc. si é necesario substituír algún compoñente deberá abonarse independentemente do prezo do mantemento.

O mantemento tamén inclúe un prezo fixo para man de obra e desprazamento para as visitas non planificadas, é dicir, si se produce unha avaría que xere unha visita non contemplada no mantemento deberán abonarse os compoñentes necesarios, o desprazamento (cantidade fixa de 37,92 € + IVE) e a man de obra (o prezo por hora de traballo será de 37,92 € + IVE).

Polo Departamento de Informática propónse que o mantemento sexa adxudicado á empresa Mantenimientos Gallegos S.L. por ser a empresa que instalou o sistema e ven realizando o soporte e mantemento de maneira moi eficiente e satisfactoria.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa Mantenimientos Gallegos S.L. (MAGA), CIF A-15044043 un servizo de soporte e mantemento preventivo das

máquinas de aire acondicionado AIR BLUE modelo OEDA HH 140 e KAYSUN KPC-140 HTN4 DE 14 KW para o ano 2025 por un importe de 763,99 €, IVE incluído, con cargo á partida 9201.213. As visitas non planificadas no mantemento facturaranse da seguinte forma: 45,88 € IVE incluído por desprazamento e 45,88 € IVE incluído por cada hora de traballo. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4943

O Concello adxudicou a finais do ano 2004 un Proxecto de Centralización de Aplicacións Mediante o uso de Tecnoloxías de Computación Baseada en Servidor (SBC), actualmente están en funcionamento 125 licenzas. O sistema proporciona escritorios remotos e centralización de aplicacións informáticas a toda a organización.

Posteriormente levouse a cabo un upgrade das 125 licenzas á versión Citrix Apps Advanced e a compra de dúas licenzas Citrix Gateway Advanced VPX, para conexións remotas.

As licencias Citrix son necesarias para o funcionamento do sistema de escritorios remotos empregado por toda a organización, inclúen actualizacións do sistema, arranxo de erros de funcionamento, solución de vulnerabilidades de seguridade etc.

Polo Departamento de Informática propónse que o mantemento sexa adxudicado á empresa Ozona Tecnoloxías de la Información S.L. por ser a empresa que instalou o sistema e ven realizando o mantemento da plataforma de centralización de aplicacións Citrix Xen App de maneira moi eficiente e satisfactoria.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN S.L. a renovación do servizo de subscripción de 125 Licencias Citrix Apps Advanced e de dúas licenzas Citrix Gateway Advanced VPX para o ano 2025 por un importe de 11.779.35 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4946

O Concello adxudicou en X.G.L. do 08/05/2023 a compra e instalación de dous cortalumes FortiGate 101F para substituír aos cortalumes FortiGate 140D, debido ao fin de vida destes equipos. Os cortalumes son dispositivos críticos de seguridade cuxa principal función é evitar que o sistema informático sexa atacado dende o exterior a través da navegación web, correos, intrusismo etc. e xestionar (a nivel de seguridade e permisos) as conexións tanto cara ao exterior como en sentido contrario do Concello totalmente necesarias para o funcionamento da organización como é o acceso á rede SARA. Os dous cortalumes xemelgos funcionan de forma síncrona en alta dispoñibilidade (activo-pasivo) coa finalidade de evitar a suspensión do servizo que provocaría o illamento do Concello en canto as comunicacións por internet.

Os cortalumes actualmente en funcionamento son os seguintes:

FortiGate 101F (FG101FTK22015778) cun período de licenza de 19-06-2024 a 18-06-2025.

FortiGate 101F (FG101FTK22015802) cun período de licenza de 19-06-2024 a 18-06-2025 .

Por todo o anterior é imprescindible un mantemento dos cortalumes, que garante o seu correcto funcionamento e as actualizacións diarias de software (totalmente necesarias).

Solicitouse presuposto das licenzas dos cortalumes (FortiGate 101F) para o ano 2025 á empresa Ozona Tecnoloxías de la Información S.L., por ser a empresa adxudicataria da compra e instalación dos cortalumes de forma moi eficiente.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa OZONA TECNOLOGÍAS

DE LA INFORMACIÓN S.L. un servizo de subscrición de licenzas para os dous cortalumes (FortiGate 101F) por un importe de 5.517,60 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706. Período de vixencia das licenzas do 19-06-2025 ao 18-06-2026. A facturación realizarase a partir de xuño de 2025.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4947

O Concello ten instalado un sistema Centralizado de Aplicacións Informáticas mediante o uso de tecnoloxías de computación baseada en servidor (SBC), este sistema está formado por unha granxa de servidores (servidor de ficheiros, servidores de control de dominio, servidores citrix etc.), un sistema de copias de seguridade Symantec Veritas, unha plataforma Citrix Presentation Server etc.

Ademais do anterior, no ano 2014 o sistema foi ampliado cos seguintes elementos: Plataforma de virtualización VMware formada por 3 servidores físicos tipo blade de cisco, Almacenamento EMC, Sistema de copias Data Domain, Migración a XenApp 7.5, Plataforma citrix XenDesktop (Hosted Shared Desktop) para 100 usuarios nominais e Plataforma de acceso remoto Netscaler Gateway.

A empresa OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN S.L. ven prestando un Servizo de Asistencia Técnica ao concello (SAC) consistente nun servizo preventivo, xestión e resolución de incidencias, asesoramento, consultoría etc. sobre os seguintes sistemas: Plataforma citrix, virtualización, seguridade perimetral, servidores virtuais, Citrix Apps Advanced, Citrix NetScaler (AaaS), VMware vSphere 5 Essentials Plus (3 host) e escalado de incidencias ao fabricante (nComputing) etc.

Asemade inclúe Soporte técnico nivel 3, SAC incidencias ilimitado, unha bolsa de 40 créditos para peticións de servizo, realización dun preventivo anual, etc.

Considerase que é moi importante e fundamental manter este servizo para o funcionamento do sistema central informático do Concello.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN S.L. un servizo de asistencia técnica (SAC) de soporte, prevención e resolución de incidencias da plataforma de centralización de aplicacións Citrix Apps Advanced (Plataforma VMware, Sistema de copias, Plataforma de acceso remoto Netscaler Gateway etc.) e unha bolsa de 40 créditos para peticións de servizo para o ano 2025 por importe de 7.235,80 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4948

No concello está en funcionamento un sistema AaaS (authentication software as a service), este sistema utilízase para poder conectar aos funcionarios que traballan fora da casa consistorial co sistema informático municipal.

Este sistema é necesario para os funcionarios que realicen teletraballo ou que traballan en edificios distintos da casa consistorial.

Debido a que estes traballadores están en oficinas externas e por motivos de seguridade, instalouse un sistema autenticación forte (AaaS) que evite as ameazas de suplantación de identidade. Este sistema está baseado en combinacións de números PIN e cadeas de seguridade (PINsafe).

Proponse que o mantemento sexa adxudicado á empresa OZONA TECNOLOGÍAS DE LA

INFORMACIÓN S.L. por ser a empresa que instalou o sistema e ven realizando o soporte e mantemento de maneira moi eficiente e satisfactoria.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN S.L. un servizo de soporte e mantemento de oitenta e cinco licenzas do sistema AaaS de seguridade para accesos externos para o ano 2025 por un importe de 4.422,55 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4950

Mediante procedemento de licitación realizado en 2016 adxudicouse á empresa Ozona Consulting S.L., a instalación e configuración dunha plataforma de copias de seguridade formado polos seguintes dispositivos:

- Dous servidores físicos Dell PowerEdge R440 con s/n DCSS1h2 e DCVN1H2
- Dous sistemas autocargadores Dell PowerVault TL1000 con n/s 3YL9822 e CXL19822

A garantía dos equipos anteriores era de tres anos, finalizou o 28 de febreiro de 2020.

O funcionamento do sistema de copias de seguridade é crítico e fundamental para salvagardar os datos, aplicacións informáticas, servidores virtuais etc. do Concello. Unha vez rematado o mantemento do sistema debe ser prorrogado para garantir o seu funcionamento.

Propónse que o mantemento sexa adxudicado á empresa OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN S.L. por ser a empresa que instalou o sistema e ven realizando o soporte e mantemento de maneira moi eficiente e satisfactoria.

O equipos do sistema de copias de seguridade son os seguintes:

Dispositivo	Número de serie	Unidades
Servidor Dell PowerEdge R440	DCSS1h2	1
Servidor Dell PowerEdge R440	DCVN1H2	1
Equipos autocargador Dell PowerVault TL1000	3YL9822	1
Equipos autocargador Dell PowerVault TL1000	CXL19822	1

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN S.L. un servizo de soporte e mantemento dos equipos/servidores da plataforma de copias de seguridade para o ano 2025 por un importe de 6.006,44 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706. Período de vixencia do mantemento do 01-03-2025 a 28-02-2026. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4951

No ano 2014 o concello adxudicou a subministración instalación e mantemento dunha plataforma hardware para o C.P.D. e servizos de virtualización de escritorios e aplicacións, esta plataforma está formada, entre outros sistemas, por unha unidade central de procesamento (UCS) de CISCO que contén tres servidores físicos blade. Na adxudicación estaba incluído un servizo de mantemento de tres anos que finalizou no ano 2017.

O funcionamento do sistema hardware anterior é crítico para o sistema informático do Concello, xa que está formado polos servidores físicos que ofrecen a capacidade de procesamento a todo o CPD.

O fabricante da plataforma (CISCO) presta o servizo de mantemento a través de terceiras empresas. Solicitouse presuposto do mantemento da plataforma CISCO UCS á empresa Ozona Tecnologías

de la Información S.L., por ser a empresa adxudicataria da licitación, da instalación da UCS e realiza o soporte de forma moi eficiente e satisfactoria.

O mantemento ofertado para a plataforma Cisco UCS é o seguinte:

O servizo de mantemento será dado polo fabricante (CISCO, soporte premium) para os seguintes equipos:

SERVIDOR UCS B200 M5 W/O CPU, MEM, DRIVE BA SN: FCH232770QW

SERVIDOR UCS B200 M5 W/O CPU, MEM, DRIVE BA SN: FCH232874QC

CHASIS UCS SP7 B200 ENT 2x6248 1xCH 2xB200W/2xES-2609v2,64G CISCO SN:FOX1735GJ33

O servizo de mantemento será dado pola empresa adxudicataria (soporte básico), por estar descatalogado polo fabricante, para os seguintes equipos:

FABRIC INTERCONNECT SWITCH UCS 6248UP 1RU FABRIC INT / NO PSU / 32 UP / 12P LIC SN: SSI1733052D

FABRIC INTERCONNECT SWITCH UCS 6248UP 1RU FABRIC INT / NO PSU / 32 UP / 12P LIC SN: SSI173305EL

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa OZONA TECNOLOGÍAS DE LA INFORMACIÓN S.L. un servizo de soporte e mantemento da plataforma CISCO UCS para o período de 04/04/2025 a 03/04/2026 por importe de 3.536,23 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4956

Nos últimos anos a empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L., ven realizando un servizo de desprazamento e reparación in situ das incidencias/avarías dos equipos informáticos dos edificios municipais, este servizo realízase cando o departamento de informática non posúe medios para desprazarse ou existe unha incompatibilidade horaria co centro que presenta a avaría ou ben falta de recursos. O custe do servizo é unha cantidade fixa para cada saída e inclúe desprazamento e man de obra independentemente de onde se localice o centro e un tempo medio de dúas horas de reparación.

Considerase que este servizo de incidencias informáticas nos ordenadores persoais nos edificios municipais debe ser renovado para o ano 2025. O número previsto de intervencións para o ano 2025 é de cincuenta actuacións.

O Xefe do Servizo de Informática propón que este servizo sexa adxudicado á Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L. por se a empresa que ven realizando estas tarefas de maneira moi eficiente e satisfactoria.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L., un servizo de reparación in-situ de incidencias informáticas nos edificios municipais durante o ano 2025. O importe de cada intervención (desprazamento e man de obra) será de 53 € incluído o IVE, as actuacións serán facturadas individualmente. O número de intervencións previstas para o ano 2025 é de cincuenta, polo tanto o importe máximo anual será de 2.650 € incluído o IVE, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4958

O antivirus corporativo está instalado en tódolos ordenadores e servidores do Concello, actualízase de xeito centralizado e coordinado, a súa importancia é fundamental para o funcionamento de todo

o sistema informático municipal e para a salvagarda e integridade de toda a información.

O antivirus instalado actualmente na casa consistorial e no resto dos edificios municipais é o Kaspersky desde maio de 2010. O departamento de Informática inclinouse por este antivirus por obter unha avaliación media mais alta en canto a fiabilidade, detección, consumo de recursos, instalación, propagación, administración etc. unha vez estudadas varias opcións.

O mantemento inclúe unha consultoría remota de oito horas para tarefas de auditoría e mellora da instalación.

É necesario realizar un contrato de mantemento dos antivirus xa que estes deben ser actualizados diariamente para o seu correcto funcionamento, ademais son necesarios servizos de soporte en caso de incidencias.

O mantemento ou compra do antivirus non se pode facer directamente co fabricantes senón a través dun distribuidor, neste caso Servicios Técnicos Integrados del Noroeste S.L. que foi a empresa vendedora do produto e presta o servizo de maneira moi eficiente e satisfactoria.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa SERVICIOS TÉCNICOS INTEGRADOS DEL NOROESTE S.L. a renovación da subscrición das licenzas do antivirus corporativo municipal (Kaspersky Endpoint Security for business 220 licenzas e Kaspersky embedded system 10 licenzas) e un servizo de consultoría remota de oito horas para o ano 2025 por un importe de 4.813,38 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4959

Na biblioteca municipal de Vilagarcía está en funcionamento un SAI, marca LEGRAND, modelo KEOR COMPACT 3 111 05, número de serie X01KR00006 e potencia de 20 KVA. Esta máquina foi adquirida e instalada, no ano 2024, pola empresa adxudicataria da construción da biblioteca.

É necesario que este equipo posúa un servizo de mantemento xa que a súa función é crítica para o funcionamento do sistema informático da biblioteca, debido a que proporciona enerxía eléctrica estabilizada aos equipos informáticos, protexéndoo ante unha caída ou variación de tensión, evitando así graves avarías nos ordenadores, bases de datos, Software de base e resto de sistemas etc.

Unha vez solicitada unha oferta de mantemento ao fabricante da SAI (LEGRAND), este comunicou que non realiza este tipo de servizos directamente na nosa zona, remitíndonos á empresa Sistemas de Alimentación Ininterrumpida S.L que contactou co Concello a petición de LEGRAND para ofrecer os seus servizos de mantemento da SAI de LEGRAND. A empresa Sistemas de Alimentación Ininterrumpida S.L presenta un documento firmado por LEGRAND, adxunto neste expediente, onde indica o seguinte:

“Que la empresa Sistemas de Alimentación Ininterrumpida S.L con CIF B70499355 es partner de Legrand en la zona de Galicia. Esta colaboración garantiza que dicha empresa cuenta con la formación y recursos necesarios para realizar los servicios de mantenimiento y reparación en todos los SAI's de la marca Legrand. Y para que así conste, se firma en Torrejón de Ardoz a 3 de diciembre de 2024”.

Polo tanto solicitouse presuposto de mantemento da SAI LEGRAND da biblioteca á empresa Sistemas de Alimentación Ininterrumpida S.L

A empresa Sistemas de Alimentación Ininterrumpida S.L presenta unha oferta de mantemento que inclúe os seguintes servizos para o ano 2025:

- Unha revisión anual de mantemento preventivo.

- A man de obra e o desprazamento de todas as visitas correctoras.
- Atención preferente, visita a primeira hora do día seguinte ao de aviso da avaría.
- Horario de atención das incidencias in situ de 8 a.m. a 18 p.m.
- Horario de atención telefónico de incidencias as 24h.
- Non están incluídos os materiais nin baterías de ser necesarios, ofrecese un desconto do 25% no prezo dos materiais e baterías.

O servizo de Soporte e mantemento da SAI LEGRAND da biblioteca só pode ser realizado na súa totalidade polo fabricante da mesma dun xeito completo, garantindo o correcto funcionamento do hardware e software dos equipos. O fabricante LEGRAND delega as actuacións de mantemento na empresa Sistemas de Alimentación Ininterrumpida S.L con CIF B70499355 como partner de Legrand na zona de Galicia.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa SISTEMAS DE ALIMENTACIÓN ININTERRUMPIDA S.L. un servizo de soporte e mantemento da SAI da biblioteca municipal de Vilagarcía, marca LEGRAND, modelo KEOR COMPACT 3 111 05 e nº de serie X01KR00006 para o ano 2025 por un importe de 907,50 € incluído o IVE, con cargo á partida 3321.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4960

No concello está actualmente en funcionamento unha aplicación informática de Recursos Humanos GINPIX7, da empresa SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA (SAVIA), a forma de explotación é en modo “Cloud”, modalidade SaaS, utilizando o entorno Savia Cloud. O cambio de forma de explotación de modo “on-premises” a modo “Cloud” foi a probado na X.G.L. do 6/11/2023.

O servizo de aloxamento e explotación de Ginpix7 en modo Savia Cloud e o servizo de soporte e mantemento da aplicación, pola modalidade SaaS, inclúe os seguintes conceptos:

- Servizo en modalidade SaaS para 5 usuarios con acceso á aplicación.
- Servizo en modalidade SaaS para a realización e ata 480 nóminas/mes destinadas aos empregados do Concello (funcionarios, laborais, cargos electos, plans de emprego etc.).
- Aloxamento da aplicación nunha infraestrutura cloud certificada
- Servizos SaaS (actualizacións aplicacións, copias seguridade)
- Acceso cloud aos usuarios nominais de Ginpix7 as seguintes funcionalidades software Ginpix:
 - Núcleo (Admon. Expedientes de Persoal e Easy Query)
 - Ciclo de Nómina (inclúe Ginpix7 Contratación)
 - Pluggin Interface Sistema Contabilidade Sicalwin
 - RRHH Estructura da Organización, Postos e Prazas.
 - RRHH Xestión Presupuestaria Capítulo I
 - Enlace coa aplicación de Contabilidade do Concello Sicalwin da empresa Aytos
- Acceso cloud aos usuarios nominais de Ginpix7 a Licenzas MS Office
- Mantemento e soporte da aplicación Ginpix7

A facturación consta de dúas cotas:

1.- Una cota fixa segundo o número de usuarios da aplicación Ginpix7. O número de usuarios nominais de Ginpix7 contratados é de cinco usuarios, pode ser ampliado en calquera momento. O

importe mensual por usuario será de 35 € + IVE, polo tanto o importe mensual ofertado para cinco usuarios da aplicación será de 175 € + IVE.

2.- Unha cota variable en función do número de nóminas realizadas cada mes para os empregados municipais utilizando as funcionalidades cloud da solución Ginpix7. O número estimado de nóminas mensuais a realizar en 2025 é de 480. O importe mensual de cada nómina realizada será de 4.10 € + IVE, só se facturará o número exacto de nóminas realizadas cada mes. Ao estírmase a realización de 480 nóminas mensuais, o importe mensual ofertado é de 1.968 € + IVE, poderá ser superior ou inferior en función do número de nóminas realizadas mensualmente polo que será necesario realizar unha regularización ao final do ano 2025.

O servizo de soporte e mantemento inclúe: documentación, vídeos e titorías; Un numero 900 gratuito e as novas funcionalidades de Distribución de custes, Xestión de incidencias aperiódicas e expedientes de altas e baixas masivas.

Debido a contía deste contrato, o Concello realizará unha licitación plurianual para este servizo a partir do ano 2025.

O concello é propietario das licenzas do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento e soporte só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera modificación nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA S.L.

Á vista do anterior, e tendo en conta que os servizos obxecto do contrato só poden ser prestados pola Empresa propietaria dos códigos fonte (non sendo posible promover a concorrência de licitadores) e o prexuízo que causaría á xestión dos RRHH municipais non contar con ditos servizos, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa SOLUCIONES AVANZADAS EN INFORMÁTICA APLICADA S.L. un servizo de soporte, mantemento e hosting (explotación en modo “Cloud”, entorno “Savia Cloud”, modalidade SaaS) da aplicación de RRHH Ginpix7 para o ano 2025, por un importe de 31.116,36 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706, estimándose unha media mensual de 480 nóminas.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4961

O Concello de Vilagarcía adxudicou en maio de 2020 a compra de licenzas de explotación da aplicación informática de cita previa (Quenda) e diverso equipamento hardware (pantallas e dispensadores) á empresa Tecnologías Plexus S.L. coa finalidade de poñer en funcionamento un sistema de cita previa na casa consistorial. A forma de explotación do sistema é en modo “cloud”. O soporte e mantemento do equipamento hardware instalado nas oficinas municipais será en modo remoto e in situ.

A garantía do sistema de cita previa finalizou o 30 de setembro de 2022 polo que a partir desa data adxudicase anualmente a renovación das licenzas e os servizos de soporte, mantemento e explotación en modo “cloud” da aplicación e os servizos de soporte e mantemento tanto remoto como in situ para o equipamento hardware instalado nas oficinas municipais e destinado a este sistema.

Servizos que deben ser renovados:

- Renovación dunha licenza e soporte da aplicación “Quenda Cloud” para unha oficina de ata 20 postos de atención. (nota: identificarse no quiosco (totem), cando temos a cita pedida

- por ordenador)
- Renovación dunha licenza e soporte da aplicación “Oficina Virtual” para un máximo de 10 postos. (número de oficinas para pedir cita por ordenador, atención ao cidadán por ordenador, conversación gravada ao pedir cita por teléfono)
- Renovación do soporte e mantemento tanto remoto como in situ do equipamento hardware instalado nas oficinas municipais destinado a este sistema.

O concello é propietario das licenzas do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento e soporte só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera modificación nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa TECNOLOGIAS PLEXUS S.L.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa TECNOLOGIAS PLEXUS S.L. a renovación das licenzas e servizos de soporte, mantemento e explotación en modo “Cloud” da aplicación informática de cita previa QUENDA (“Quenda Cloud” 20 postos e “Oficina Virtual” 10 postos) e do equipamento hardware utilizado pola aplicación para o ano 2025 por un importe de 6.078,02 € IVE incluído, con cargo á partida 9201.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4969

O Concello está subscrito ás seguintes aplicacións informáticas de consulta de lexislación vía web ofrecidos pola empresa VLEX NETWORKS S.L.:

- Vlex España Premium, 5 usuarios concorrentes.
- Vlex Analytics España, 5 usuarios concorrentes.
- Vincent, 5 usuarios concorrentes.
- Prácticos España, 5 usuarios concorrentes.
- Eunomía, 5 usuarios concorrentes.
- Vlex Cloud, 5 usuarios concorrentes.
- Vlex Tv, 5 usuarios concorrentes.
- Servizo Consultas

Descripción Productos :

- Vlex España Premium, base de datos Xurisprudencia, lexislación,. Doutrina e Formularios, formada por:
 - Base de Datos de Xurisprudencia con mais de 7,3 millóns de sentencias
 - Base de Datos de Lexislación con mais de 1 millón de normas
 - Boletíns Oficiais completos con mais de 17,5 millóns de documentos.
 - Base de Datos de Doutrina e Bibliografía, con mais de 460.000 documentos, entre artigos doutrinais, libros e revistas de todas as editoriais xurídicas (única no mercado xurídico).
- Vlex Analytics, Ferramenta que nos permite coñecer toda a actividade de todos os xulgados e tribunais de España, incluídos os xulgados do contencioso.
- Vincent, o asistente virtual mais rápido baseado en intelixencia artificial con tecnoloxía Iceberg AI
- Prácticos Vlex España.

- Eunomía.
- Vlex Cloud.
- Consultas, na proposta tamén incluimos unha base de datos de consultas, e a posibilidade de realizar consultas a medida de balde de maneira ilimitada.

Estes produtos son necesarios e complementarios cos das outras subscricións de lexislación. Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa VLEX NETWORKS S.L. un servizo de soporte e subscrición das aplicacións informáticas de consulta de lexislación vía web para o ano 2025 por un importe de 2.229 € IVE incluído, con cargo á partida 920.22001. A facturación deberá ser trimestral.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4971

O Concello ten en funcionamento una subscrición especializada vía web sobre lexislación, xurisprudencia, libros e revistas etc. destinada á biblioteca municipal, sen límite de usuarios. O acceso debe realizarse desde a rede de ordenadores ou wifi da biblioteca municipal.

A subscrición denomínase vlexPlus e está formada polos seguintes módulos a consultar con actualización diaria:

- Lexislación
- Toda a xurisprudencia dispoñible en CENDOJ
- Libros e revistas
- Modelos actualizados de Formularios e Contratos.
- Todos os Convenios Colectivos nacionais.
- Noticias prensa nacional, local e especializada..
- Muro de actualidade.
- Tradutor Automáticos de/a 13 idiomas.

VLEX NETWORKS S.L é a única empresa que nos ofrece unha consulta vía web de lexislación especializada e destinada a bibliotecas sen límite de usuarios.

O presuposto da empresa VLEX NETWORKS S.L. para a subscrición vlexPLUS para un ano 2025 ascende a 2.541 € incluído o IVE.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa VLEX NETWORKS S.L. dun servizo de subscrición e soporte da aplicación informática de consulta de lexislación vía web VLEXPLUS destinada á biblioteca municipal, sen límite de usuarios, para o ano 2025 (01-05-2025 a 30-04-26), por un importe de 2.541,00 € IVE incluído, con cargo á partida 3321.22001.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/4973

1.- É necesaria a renovación do servizo de soporte, xestión e mantemento do sistema de albergue/aloxamento web dos seguintes dominios do Concello: vilagarcia.es, ivilagarcia.com e vilagarcia.gal.

O Concello conta cun servizo de soporte, xestión e mantemento do sistema de hosting da web institucional do Concello (vilagarcia.es) e dos dominios ivilagarcia.com e vilagarcia.gal, contratados coa empresa Ayco Internet S.L.

2.- É necesaria a renovación do servizo de soporte, mantemento e hosting (forma de explotación

en modo “cloud”) das aplicacións informáticas de correo electrónico, envío grandes ficheiros e limpeza antiSpan. E a renovación da titularidade dos dominios do Concello.

O Concello conta coas seguintes aplicacións informáticas/sistemas, explotadas en modo cloud, contratadas coa empresa Ayco Internet S.L. que deben ser renovados:

- Unha aplicación/sistema de correo electrónico (aloxamento e xestión) sen límite de contas de correo e ata 1TB de ocupación, asociado aos dominios vilagarcia.es, ivilagarcia.com e vilagarcia.gal.
- Unha aplicación/sistema de limpeza antiSpan e filtrado SPF para evitar os “autoSpam” no sistema de correo electrónico a nivel de servidor de correo.
- Unha aplicación/sistema de envío de grandes ficheiros.

Ademais é necesaria realizar a renovación da titularidade dos dominios vilagarcia.es, ivilagarcia.com e vilagarcia.gal.

3.- É necesaria a renovación do servizo de soporte, mantemento e hosting da aplicación informática BDoutlook.

O Concello conta cunha aplicación informática denominada BDoutlook (forma de explotación en modo “cloud”), que permite compartir axendas de citas, tarefas e contactos dunha maneira sinxela e inalámbrica, formando grupos de traballo. Esta aplicación é usada polo persoal da alcaldía.

As citas, tarefas etc. pódense ser transmitidas automaticamente á aplicación Outlook vía e-mail.

4.- É necesaria a renovación do servizo de soporte, xestión e mantemento do sistema de albergue/aloxamento web corporativo multi-site.

O Concello conta cun servizo de aloxamento web corporativo para distintos proxectos, coas seguintes características técnicas: 4vCPU, 4 GB RAM, 50 GB de alta velocidade SSD, conexión a internet de 100 Mbps, S.O. Linux, monitorización de puntos críticos, revisión diarios e actualizacións de S.O. coordinadas polo Concello.

Sistemas Preinstalados: servidor web Apache, Servidor MySQL 5.6 ou superior, Versión de PHP 7.0 ou superior, Mod_rewrite para URL amigables, Soporte HTTPS, Servidor PLESK instalado.

Copias de seguridade: Diaria.

O concello é propietario das licenzas do código executable, este código non pode ser modificado por tratarse de código máquina, polo que o mantemento e soporte só pode ser realizado pola empresa que desenvolveu o software por ser a propietaria dos códigos fontes (sentencias do linguaxe de programación) necesarios para a realización de calquera modificación nas aplicacións. É dicir, debido a razóns de exclusividade técnica os servizos que se desexan contratar só poden ser realizados pola empresa AYCO INTERNET S.L.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa AYCO INTERNET SL, por un importe total de 8.117,89 € (IVE incluído) con cargo á partida 9201.22706, os seguintes servizos:

1.- A renovación dun servizo de soporte, xestión e mantemento do sistema de albergue/aloxamento web dos seguintes dominios do Concello: vilagarcia.es, ivilagarcia.com e vilagarcia.gal. para o ano 2025 por un importe de 1.512,5 € IVE incluído.

2.- A renovación dun servizo de soporte, mantemento e hosting das aplicacións informáticas de correo electrónico, envío grandes ficheiros e limpeza antiSpan e renovación da titularidade dos dominios do Concello para o ano 2025 por un importe de 4.428,6 € IVE incluído.

3.- A renovación dun servizo de soporte, mantemento e hosting da aplicación informática BDoutlook para o ano 2025 por un importe de 603,79 € IVE incluído.

4.- A renovación dun servizo de soporte, xestión e mantemento do sistema de albergue/aloxamento web corporativo multi-site para o ano 2025 por un importe de 1.573 € IVE incluído.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/5048

Dáse conta de proposta do Departamento de Informática para renovación do servizo de soporte e mantemento das Fontes de Alimentación Ininterrompida (S.A.I.) do Concello coa Empresa SALICRU SL para o ano 2025.

1.- FONTES DE ALIMENTACIÓN ININTERROMPIDA (S.A.I.) DA CASA CONSISTORIAL (nº contrato 9800000515).

Na casa consistorial están instalados e en funcionamento tres sistemas de alimentación ininterrompida marca SALICRU, a súa función é crítica para o funcionamento do sistema informático municipal, xa que proporciona enerxía eléctrica estabilizada aos equipos informáticos, protexéndoo ante unha caída ou variación de tensión, evitando así graves avarías en todo o parque informático, bases de datos, Software de base etc.

Os Sistemas de Alimentación Ininterrompida son os seguintes:

S.A.I. UPS-50-DL, 50KVA, n/s X481-46, situación: casa consistorial.

S.A.I. SLC-10000-TWIN, 10KVA, n/s 080420-T024, situación: casa consistorial, sala de máquinas.

A empresa SALICRU S.A., fabricante da S.A.I., presenta varias modalidades de contratos, o que está en vixencia é o LV8-MB que inclúe 1 visita preventiva ao ano + visitas correctivas ilimitadas + substitución de materiais (baterías incluídas) + cambio total de baterías ao final da súa vida + desprazamento e man de obra. O horario de resposta será de luns a xoves de 8h. a 18h, e venres de 8h., a 15h. (agás días festivos).

O importe do mantemento destas máquinas para o ano 2025 é de 6.323,07 € IVE incluído.

2.- FONTE DE ALIMENTACIÓN ININTERROMPIDA (S.A.I.) DA SALA DE ORDENADORES (nº contrato 9800000514).

Na sala de ordenadores está instalado e en funcionamento un sistemas de alimentación ininterrompida marca SALICRU, a súa función é crítica, xa que proporciona enerxía eléctrica estabilizada aos equipos informáticos, protexéndoo ante unha caída ou variación de tensión, evitando así graves avarías en todo o parque informático, bases de datos, Software de base etc. Esta máquina terminou a garantía en novembro de 2014.

Os Sistemas de Alimentación Ininterrompida é o seguinte:

S.A.I. SLC-10000-TWIN, 10KVA, n/s 232012B71624, situación: casa consistorial, sala de máquinas.

A empresa SALICRU S.A., fabricante da S.A.I., presenta varias modalidades de contratos, o que está en vixencia é o LV8-MB que inclúe 1 visita preventiva ao ano + visitas correctivas ilimitadas + substitución de materiais (baterías incluídas) + cambio total de baterías ao final da súa vida + desprazamento e man de obra. O horario de resposta será de luns a xoves de 8h. a 18h, e venres de 8h., a 15h. (agás días festivos).

O importe do mantemento destas máquinas para o ano 2025 é de 1.455,33 € IVE incluído.

3.- FONTE DE ALIMENTACIÓN ININTERROMPIDA (S.A.I.) DO AUDITORIO (nº contrato 9800000512).

No auditorio está instalado e en funcionamento un sistema de alimentación ininterrompida marca SALICRU, a súa función é crítica, xa que proporciona enerxía eléctrica estabilizada aos equipos informáticos, protexéndoo ante unha caída ou variación de tensión, evitando así graves avarías en todo o parque informático, bases de datos, Software de base etc.

O Sistema de Alimentación Ininterrompida é o seguinte:

S.A.I. UPS-8000-NX/3, 8 KVA, nº fabricación: 0039147, situación: Edificio Auditorio.

A empresa SALICRU S.A., fabricante da S.A.I., presenta varias modalidades de contratos, o que

está en vixencia é o LV8-MB que inclúe 1 visita preventiva ao ano + visitas correctivas ilimitadas + substitución de materiais (baterías incluídas) + cambio total de baterías ao final da súa vida + desprazamento e man de obra. O horario de resposta será de luns a xoves de 8h. a 18h, e venres de 8h., a 15h. (agás días festivos).

O importe do mantemento desta máquina para o ano 2025 é de 1.474,26 IVE incluído.

4.- FONTE DE ALIMENTACIÓN ININTERROMPIDA (S.A.I.) SALICRU SLC-8000-TWIN/3 PRO DO SERVIZO DE PREVENCIÓN E ASISTENCIA A DROGODEPENDENTES (SPAD) (nº contrato 9800000510).

Nas dependencias do SPAD está en funcionamento, desde o ano 2005, un sistema de alimentación ininterrompido marca SALICRU Tipo: SLC-8000-TWIN/3 PRO e nº fabricación 232014A70637 .

A finalidade destas máquinas é crítica, xa que proporciona enerxía eléctrica estabilizada aos equipos informáticos, protexéndooos ante unha caída ou variación de tensión, evitando así graves avarías en todo o parque informático, bases de datos, software de base etc.

A empresa SALICRU S.A., fabricante da S.A.I., presenta varias modalidades de contratos, o que está en vixencia é o LV8-MB que inclúe 1 visita preventiva ao ano + visitas correctivas ilimitadas + substitución de materiais (baterías incluídas) + cambio total de baterías ao final da súa vida + desprazamento e man de obra. O horario de resposta será de luns a xoves de 8h. a 18h, e venres de 8h., a 15h. (agás días festivos).

O importe do mantemento desta máquina para o ano 2025 é de 1.474,36 € IVE incluído.

5.- FONTE DE ALIMENTACIÓN ININTERROMPIDA (S.A.I.) SALICRU UPS-5000-NXL DO SERVIZO DE EMERXENCIAS (nº contrato 9800000511).

No servizo de emerxencias está en funcionamento un sistema de alimentación ininterrompido marca SALICRU Tipo: UPS-5000-NXL S/N X471-309.

A finalidade destas máquinas é crítica, xa que proporciona enerxía eléctrica estabilizada aos equipos informáticos, protexéndooos ante unha caída ou variación de tensión, evitando así graves avarías en todo o parque informático, bases de datos, Software de base etc.

A empresa SALICRU S.A., fabricante da S.A.I., presenta varias modalidades de contratos, o que está en vixencia é o LV8-MB que inclúe 1 visita preventiva ao ano + visitas correctivas ilimitadas + substitución de materiais (baterías incluídas) + cambio total de baterías ao final da súa vida + desprazamento e man de obra. O horario de resposta será de luns a xoves de 8h. a 18h, e venres de 8h., a 15h. (agás días festivos).

O importe do mantemento desta máquina para o ano 2025 é de 953,53 € IVE incluído.

O servizo de Soporte e mantemento das SAI's SALICRU só pode ser realizado polo fabricante das mesmas dun xeito completo, garantindo o correcto funcionamento do hardware e software dos equipos..

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á Empresa SALICRU SA os seguintes servizos, por un importe total de 11.680,55 € (IVE incluído), con cargo á partida 9201.22706:

1.- Un servizo de soporte e mantemento tipo LV8-MB das SAI's da casa consistorial (SAI SLC-10000-TWIN (n/s:080420-T024, nº fabricación:232015D73880) e S.A.I. UPS-50-DL (n/s X481-46)) para o ano 2025 por un importe de 6.323,07 € incluído o IVE.

2.- Un servizo de soporte e mantemento tipo LV8-MB, da SAI da sala de ordenadores (SAI SLC-10000-TWIN, con n/s 232012B71624) para o ano 2025 por un importe de 1.455,33 € incluído o IVE.

3.- Un servizo de soporte e mantemento tipo LV8-MB da SAI do auditorio (SAI UPS-8000-NX/3, nº fabricación: 0039147) para o ano 2025 por un importe de 1.474,26 € incluído o IVE.

4.- Un servizo de soporte e mantemento tipo LV8-MB da SAI do SPAD (SAI SLC-8000-TWIN/3 PRO, nº fabricación 232014A70637) para o ano 2025 por un importe de 1.474,36 €. Incluído o IVE.

5.- Un servizo de soporte e mantemento tipo LV8-MB da SAI do servizo de emerxencias (SAI UPS-5000-NXL, nº fabricación X471-309) para o ano 2025 por un importe de 953,53 €. Incluído o IVE. Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/5102

Dáse conta de proposta do Departamento de Informática de renovación de varios servizos de soporte e mantemento coa Empresa VISUAL PUBLINET SL para o ano 2025.

1.- MANTEMENTO DA PÁXINA WEB OFICIAL E TRABALLOS DE PROGRAMACIÓN. PARA O ANO 2025.

En xaneiro de 2002 o concello adxudicou á empresa Visual Publinet S.L. o desenvolvemento da páxina web oficial do Concello <https://www.vilagarcia.es/>.

A empresa Visual Publinet S.L realiza traballos de programación e deseño da web municipal. O presuposto de mantemento para o ano 2025 para os traballos de programación e deseño por catro horas mensuais é de 2032,80 €, IVE incluído, que se facturará de forma trimestral.

2.- REXISTRO E ALOXAMENTO DO DOMINIO DO CONSERVATORIO PARA O ANO 2025.

No ano 2020 concello adxudicou á empresa Visual Publinet S.L. a creación e o aloxamento do dominio “cmusvilagarcia.gal”.

O presuposto do aloxamento do dominio “cmusvilagarcia.gal” para o ano 2025 é de 423,50 €, IVE incluído.

3.- MANTEMENTO E ALOXAMENTO DO DOMINIO vilagarciactiva.com PARA O ANO 2025.

No ano 2009 concello adxudicou á empresa Visual Publinet S.L. a creación e o aloxamento do dominio “vilagarciactiva.com”.

O dominio “vilagarciactiva.com” está actualmente en funcionamento, o presuposto do mantemento e aloxamento do dominio para o ano 2025 é de 871,2 € IVE incluído. A facturación será trimestral, cada factura do trimestre será por un importe de 217,8 € IVE incluído.

4.- REXISTRO E ALOXAMENTO DO DOMINIO visitvilagarcia.com PARA O ANO 2025.

O dominio “visitvilagarcia.com” está actualmente en funcionamento, o presuposto do rexistro e aloxamento do dominio para o ano 2025 é de 508,2 € IVE incluído.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar á empresa VISUAL PUBLINET SL os seguintes servizos, por un importe total de 3.835,70 € (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

1.- Un servizo de soporte e mantemento da páxina web do Concello <https://www.vilagarcia.es/> (programación e deseño) para o ano 2025 por un importe de 2.032,8 € IVE incluído, con cargo á partida 926.22706. A facturación farase de forma trimestral por un importe de 508,20 € incluído o IVE.

2.- Un servizo de soporte e mantemento do aloxamento e renovación do rexistro do dominio “cmusvilagarcia.gal” para o ano 2025 por un importe de 423,50 € IVE incluído, con cargo á partida 3261.22706.

3.- Un servizo de soporte e mantemento do aloxamento e renovación do rexistro do dominio “vilagarciactiva.com” para o ano 2025 por un importe de 871,20 € IVE incluído, con cargo á partida 926.22706. A facturación farase de forma trimestral por un importe de 217,80 € IVE incluído.

4.- Un servizo de soporte e mantemento do aloxamento e renovación do rexistro do dominio “visitvilagarcia.com” para o ano 2025 por un importe de 508,20 € IVE incluído, con cargo á partida 926.22706.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

PRP2024/5176

Dáse conta de escrito presentado por D. Oscar Piñeiro Andujar, solicitando autorización para realizar unha actuación musical, o día 31 de decembro de 2024, entre as 12:00 e as 18:00 horas, no local "O MIUDO", situado na Rúa Romero Ortiz nº 38-Bx.

Dáse conta de informe favorable da Policía Local.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS**MERCADOS****PRP2024/2580**

Visto o escrito presentado por D. José Vicente Méndez García, solicitando autorización provisional para estacionar o vehículo matrícula 8306 FZD, detrás do seu posto, onde exerce a actividade detrás da praza da verdura, os martes e sábados, coa licenza municipal nº 82, igual que outros vendedores da zona, sen interferir na alineación cos demais postos.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do Xefe de Mercados, acorda autorizar o estacionamento con carácter excepcional, durante o tempo que duren as obras do tanque de tormentas, gardando a aliñación cos demais postos instalados, podendo suspenderse a autorización por razóns de reubicación de postos.

PRP2024/3776

Visto o escrito presentado por D. Hafid El Fakkak, solicitando autorización provisional para estacionar o vehículo matrícula 0442 BWZ, detrás do seu posto, onde exerce a actividade detrás da praza da verdura, os martes e sábados, con licenza municipal nº 85, igual que outros vendedores da zona, sen interferir na alineación cos demais postos.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do Xefe de Mercados, acorda autorizar o estacionamento con carácter excepcional, durante o tempo que duren as obras do tanque de tormentas, gardando a aliñación cos demais postos instalados, podendo suspenderse a autorización por razóns de reubicación de postos.

TURISMO E MEDIO AMBIENTE**MEDIO AMBIENTE****PRP2024/5185**

Dáse conta da chegada a o Departamento de Medio Ambiente o día 20/12/2024 dunha comunicación de Augas de Galicia no que nos achega o informe correspondente á auditoría realizada no funcionamento da EDAR e no que se indican os seguintes aspectos:

- Cumprimento das esixencias da Directiva 91/271/CEE en tódalas mostras tomadas.
- A valoración da calidade global da EDAR é DEFICIENTE.
- Equipo de desinfección en funcionamento con rendemento insuficiente

Así mesmo fan unha serie de recomendacións para subsanar as deficiencias.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

E sen máis asuntos que tratar, ás 11:40 levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.